



GUIA PARA AS FAMILIAS - PROTOCOLO COVID 19 CURSO 2020-2021

Estimadas familias, o presente curso comeza dunha forma atípica debido á Covid 19. Para facer fronte a esta situación da forma máis pedagóxica e efectiva posible, o centro variou diversas normas de organización e funcionamento, así como adaptou a totalidade dos espazos en base á lexislación vixente. O seguinte, é un resumo das medidas e normas incluídas nos protocolos e plans vinculados á situación creada pola Covid no presente curso, os cales lles recomendamos ler na súa totalidade accedendo a través da páxina web do centro.

Orientacións básicas:

Asistencia ao centro

- Cada familia deberá cubrir cada mañá, antes de ir ao centro, unha autoenquisa de síntomas compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 (Non haberá que entregala no centro). No caso de que responda afirmativamente a algunha das cuestións da autoenquisa, non poderá levar ao seu fillo ao centro e deberá comunicarllo ao equipo COVID do colexio (teléfono 886151760), e poñerse en contacto co seu centro de saúde de forma inmediata.

AUTOENQUIZA CLÍNICA DA COVID-19

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		



- Cando a compatibilidade dos síntomas os poida presentar unha persoa do núcleo familiar, o alumnado, o persoal do centro que convivan con ela, tampouco poderán acudir ao centro, ata que se coñeza o resultado da proba. Independentemente de se os resultados son negativos ou positivos, deberanse comunicar ao equipo COVID do centro.
- Naqueles casos que un mestre puidese detectar algunha sintomatoloxía á chegada do alumno ao centro ou durante a súa estancia no mesmo, illarase e avisarase á familia. Esta deberá presentarse no centro á maior brevidade posible e solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou facultativo médico que serán os encargados de valorar a necesidade de solicitar un test diagnóstico.
- Non será obrigatorio aportar xustificante médico dunha ausencia vinculada coa aparición de síntomas compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Bastará cun xustificante da familia, para o cal poden atopar un modelo no protocolo de adaptación á Covid do noso centro.

Horario

No presente curso, e mentres non se comunique a modificación dos mesmos, os horarios de entrada, saída, recreos e comedor estarán regulados por quendas.

- A entrada e saída do alumnado usuario do servizo de transporte, realizarase de forma independente, non podendo coincidir no espazo e no tempo máis dunha ruta de transporte, a non ser que ambas estean separadas cando menos por dous metros de distancia. A entrada do alumnado do servizo de transporte realizarase por rutas entre as 9:35 e as 9:45 h. A saída do alumnado do servizo de transporte realizarase tamén por quendas entre as 15:50 e as 16:15 h.
- O alumnado que non empregue o servizo de transporte, no horario de entrada, deberá agardar nas tres primeiras prazas de estacionamento de automóbiles que estarán habilitadas para eles, e gardarán un mínimo de 2 metros de distancia entre un e outro alumno e acompañantes. Serán os mestres de vixilancia os que lle permitan a entrada. O horario de saída deste alumnado será ás 15:45 h.
- O horario de recreo tamén se modifica e realizarase por quendas de entrada e saída. A súa duración será algo inferior á habitual.
- O horario lectivo será de 9:45 a 14:30 h (será o mesmo tempo lectivo ca no horario habitual, dado que se reduce parte do recreo e se aumenta o horario de mañá)
- O horario de comedor será de 14:25 a 15:10 h. O tempo restante será de lecer, ata a saída.
- As familias que desexen recoller aos seus fillos antes do servizo de comedor (ás 14:25 h), poderano facer, previo aviso, sempre que o fagan dunha forma habitual. Tamén o poderán facer despois do servizo de comedor (entre as 15:05 e as 15:15 h).

Medidas de hixiene para o alumnado

- O alumnado deberá vir ao centro, provisto de máscara correctamente colocada. Todo o alumnado empregaraa para a entrada e saída do centro, así como para circular por dentro do mesmo (ir ao baño, cambiar de aula, ir ao patio, ...). O alumnado de educación



primaria deberá portar sempre a máscara e só o alumnado de educación infantil a poderá sacar na aula, se as súas mestras o consideran oportuno.

- Se un alumno non trae a máscara ao centro, permanecerá illado, ata que un familiar lla proporcione, dado que o centro só está autorizado a proporcionarlle no caso de rotura ou outra circunstancia excepcional.
- O alumnado, tamén deberá traer ao centro, un estoxo ou recipiente con tapa para gardar a máscara durante o tempo no que se realice o servizo de comedor, ou durante aqueles tempos que se habiliten para que o alumnado poida estar sen ela.
- Antes do comezo da primeira sesión, ventilaranse as aulas durante 15 minutos. Durante o período lectivo ventilaranse o maior tempo posible, e en todo caso, 5 minutos durante cada sesión. Durante o tempo no que se está ventilando a aula, o mestre poderá permitir que o alumnado quite a máscara (non máis de 5 minutos), sempre mantendo a posición correcta no pupitre, e sen poder falar.
- O centro está provisto de dispensadores de xel hidroalcohólico en cada aula e nos diversos espazos do centro, así como panos de man, papeleiras de pedal e desinfectantes. Tamén nos corredores das instalacións, están colocadas unhas frechas de cor verde e azul para indicar a dirección na que o alumnado debe circular e uns carteis informativos vinculados á Covid.
- O centro está dividido en grupos de convivencia estable. Os grupos de convivencia estable son os seguintes: Infantil (dividida en dúas aulas pero conforman un grupo de convivencia estable), primeiro e segundo de EP, Terceiro e cuarto de EP e quinto e sexto de EP.
- Todo o alumnado, agás en educación infantil, onde será decisión das mestras titoras, estará situado a unha distancia mínima de 1,5 metros. Cada grupo terá un baño asignado que só poderá empregar ese grupo.
- Cada día, farase a limpeza dos baños e partes de uso máis común do centro, dúas veces durante o horario lectivo e unha fóra do horario lectivo.
- Durante a primeira sesión de cada día, principalmente no mes de setembro, o profesorado explicarlle as normas de hixiene, circulación polo centro e distanciamento ao alumnado. Tamén se lle indicarán as posibles sancións que pode implicar non cumprilas.
- É fundamental a colaboración da familia, para concienciar aos seus fillos da importancia de seguir as normas, para que as medidas adoptadas polo centro teñan unha resposta e seguimento axeitado.

Tempo de lecer

- O alumnado sairá ao recreo por quendas, impedindo que se poidan xuntar dous grupos de convivencia estable.
- Cada grupo ten asignado un espazo do patio para o tempo de lecer. Ningún alumno doutro grupo poderá invadir ese espazo.
- No caso de que se realice a merenda no patio, deberase facer a unha distancia mínima de 2 metros.



Comedor

- Os usuarios de comedor sentaranse en mesas de 2 comensais (ou tres nalgún caso) pertencentes ao mesmo grupo de convivencia estable.
- O alumnado estará separado por unha distancia de 2 metros cando estean encarados e de 1,5 cando a separación sexa lateral.
- O horario de comedor será dende as 14:25 ás 15:10 h

Servizo de transporte

- O servizo de transporte realizarase nas mesmas condicións horarias ca en cursos anteriores.
- Ao igual ca no centro, é obrigatorio o uso de máscara en todo momento, para o alumnado, a partir de 6 anos. Recoméndase o seu uso a todo o alumnado. En todo caso, antes de entrar ao centro, todos os alumnos deberán portar a máscara ben colocada.

Actividades extraescolares

- Suspéndense as actividades extraescolares organizadas pola ANPA ou outras entidades fora do horario lectivo, durante o presente curso, agás que mude a situación e normativa vixente.
- Non se permitirá tampouco a asistencia de familiares do alumnado a ningunha celebración do centro. Estas actividades realizaranse de forma individual ou por grupos de convivencia estable.
- Non se suspenden as saídas extraescolares do centro, pero estas só se realizarán por grupos de convivencia estable, e naqueles casos que participen máis dun grupo de convivencia estable, manteranse a un mínimo de tres metros de distancia.

Titorías e outras reunións

- As titorías realizaranse prioritariamente a través de videochamadas e chamada telefónica. Non se poderá realizar ningunha reunión presencial sen a autorización da dirección do centro. Será necesario solicitar con antelación a titoría, e poderase facer a solicitude, tanto por escrito como a través de chamada telefónica.
- Antes do inicio do curso, ou ao comezo do mesmo, o profesorado titor poderá realizar unha reunión coas familias do seu alumnado, se o considera oportuno.

Tramites administrativos

Cando sexa necesario realizar algún trámite no centro, deberase solicitar a través do correo ceip.cerdeirinhas@edu.xunta.es. A maioría dos trámites procuraranse realizar de forma non presencial.